

Pontevedra 29 de outubro de 2014

## III ASEMBLEA XERAL DE MAREA PONTEVEDRA

### Centro sociocultural Leste – Pedra do Lagarto

---

Moderador: Jose Antonio Ramírez

Secretario: Manuel Fontan 'Buyi'

---

Quórum 20:15 h.- 14 pax.

Quórum 20:25 h.- 21 pax.

Quórum 20:50 h.- 22 pax.

---

Damos inicio coa benvinda.

Namentres non se soluciona problema de conexión pasamos coa lectura do documento inicial da marea. Jose Antonio Ramírez pasa revista ás actividades de rúa que se ven desenvolvendo durante as últimas semanas. Comenta á presenza na rúa e coincidencia con outros colectivos.

Fala da situación dxs asinantes e situacións especiais de algunhas das persoas interesadas en non figurar. O ritmo vai lento e non avanza. Lembra a necesidade de chegar a 1000 sinaturas.

Introduce o tema das dimisións da coordinadora. Lembra que estas persoas seguen na marea pero non na coordinadora, e recorda a necesidade de que estas persoas dean ás súas explicacións se o consideran pertinente.

Fala das enquisas e da evolución das mesmas.

Unha compañeira formula a pregunta de cómo se leva a cabo o proceso de firma e que tipo de información se lle transmite. Jose Antonio Ramírez comenta o “procedemento” e as limitacións que ofrece ter sómente un manifesto é retórica, formula as preguntas e tipo de cuestións que xs cidadáns están a expor na rúa.

Coméntase a posibilidade de dar maior mobilidade ás mesas, Luís Rei comenta o plan trazado. E temporalización cando á chegada do borrador programático. E as futuras saídas a colectivos. Formula a necesidade de respectar o anonimato dxs asinantes da marea, unicamente mantendo o listado dos promotores iniciais na paxina web pero non incluír os novos asinantes.

Miguel Vilacoba comenta a necesidade de dar pasos á fronte, non entende a propiedade de ter listas e non querer aparecer. Da a posibilidade de asinar por internet. Tendo en conta a dispersión dos usuarixs.

Eladio Torres, comenta a problemática de pobreza, desemprego, o fracaso da sociedade de benestar. Situación clasista da cidade e os mecanismos de funcionamento tanto da deputación como da maxistratura. Lembra que o importante é estar sen ter tan en conta o número de firmas e “tirar para adiante”

Un compañeiro comenta que podemos facer ambos rexistros e é de ter en conta o análise de que – “xente estea preocupada polo que dirán menganiño e fulaniño”-. Vivimos nunha aldea. Propón a creación dunha comisión que analice esta situación.

Jose Antonio Ramírez recorda que hoxe foron “fusilados” a 7 empregados e 3 bolseiros no diario de Pontevedra. A situación de liberdade na cidade vese reflectida neste tipo de accións por parte.

David Carballal considera suficientes as 50 sinaturas iniciais. En canto ao feito de poder difundir insta aos asinantes a que usen as redes sociais para a difusión. Lembra a necesidade da presenza nos medios.

Esboza á xornada de hoxe e damos paso aos puntos do día:

1. Lectura e aprobación se procede da acta da II asemblea da Marea Pontevedra.

Pasamos á lectura da acta. Se comenta a mobilización das marchas da dignidade a colación da acta que establece o apoio de esta marea á iniciativa das

**VOTASE Á ACTA 20:40 h. RESULTADO:** 14 a favor, ningún en contra, se aproba sen abstención dado que moito dos presentes no son habituais das asembleas.

2. Balance e posta en común dos primeiros 50 días de andaina

Guillermo Casalderrey comeza comentando a presenza da Marea Pontevedra nun encontro con outras mareas de Galicia. Pasa revista do encontro organizado pola Marea Atlántica de Coruña. Neste encontro estiveron presentes mareas de Vigo, Ferrol, A Coruña, Ames, Ourense, Compostela, ... comenta a preocupación e alternativas de forma para poder optar ás deputacións. Métodos e ideas para a participación. Valora positivamente o encontro e a idea de voltar a xuntarse.

Fala das actividades na cidade. As mesas informativas. As redes sociais e a necesidade de continuar traballando na rúa. A presenza nos medios tanto locais como galegos (tempos).

Comenta de maneira persoal, polo recorrido dos comunicados de prensa a favor do Faro e as dimisións; que existiron algunhas diferenzas tensas.

Lembra o acordo de creación dun gabinete de comunicación e o avance dos grupos de traballo.

Xustifica a necesidade de continuar a dar forma á estrutura de traballo e tentar sempre unha horizontalidade real.

3. Estrutura orgánica da Marea Pontevedra

Jose Antonio Ramírez dá paso a este tema xustificando o volume de áreas de traballo e dificultades de comunicación.

Luis Rei da paso á presentación. Comenta as debilidades e o estancamento do crecemento. Da visión de que é necesario reforzar á motivación dos integrantes facendo abertas todas as convocatorias sexan elas cales foran.

Asemblea presencial e as súas atribución mensuais

Espazos de elaboración técnicas.

(anexase documento)

Lembra que namentres non teñamos un volume de persoas implicadas é necesario deixar de lado a fragmentación e apostar polo colectivo.

Da unha pinceladas sobre a folla de ruta e os prazos de aquí a maio.

Eladio Torres comenta a necesidade de ter en conta os prazos administrativos.

Propónse a votación do encargo inmediato á coordinadora xeral a procura e adaptación á forma xurídica.

David Carballal pregunta pola situación das portavocías. Luís Rei responde que dados os prazos podemos manter a portavocía ata a elección do candidatx. Luisa Lores comenta que se vote ou se alguén se ofrece fagámolo. David Carballal comenta a idoneidade de dispor de dúas portavocías. Guillermo Casalderrey comenta que na coordinadora falouse a posibilidade de comisionar a persoas da mesma para en momentos ou temáticas puntuais poder representar á marea.

Marcos Cal comenta que ante a proposta de coalición de partidos o que deberíamos facer é bloquear a Marea dado que podería de acto ser contraria á iniciativa inicial da marea. Guillermo Casalderrey comenta que a posibilidade de facer unha coalición se deixe para última hora atendendo á unha última opción.

Unha compañeira retoma a necesidade de dar solución urxente. Eladio Torres incide na necesidade de ter en conta os momentos administrativos.

Luisa Lores formula a necesidade de falar con os partidos e pon en dúbida o posicionamento dos diferentes partidos presentes na Marea. Para evitar suspicacias.

David Carballal comenta a necesidade de diferenciar entre persoas e as organizacións. Dende Anova van apoiar ás Mareas. Ofrece luces sobre o concepto da coalición de partidos e as diferentes fórmulas xurídicas como xustificación temporal.

Eladio Torres fala da ilusión e motivacións que nos levan a participar desta iniciativa.

Entramos en debate con o tema da formulación xurídica e prazos.

Formúlase a **VOTACIÓN DA IDONEIDADE DO DOCUMENTO ORGANIZATIVO\***.- 18 Votos a favor unanimidade para el quórum a 21:37 h.

\*(unha coordinadora como ente único conformada por 5 persoas –area permanente- con responsabilidades: portavocía, coordinación, extensión, finanzas e relacións; 5 persoas por

areas programáticas: economía, urbanismo, participación, políticas sociais e cultura; e 3 persoas de comunicación: prensa, redes, comunicación interna)

#### 4. Presentación das xornadas Programáticas.

Jose Antonio Ramírez presenta a modalidade de traballo con dinámicas e actividades non formais con o obxectivo de espertar o pensamento crítico e poidamos traballar obxectivos e alternativas para a creación do programa.

Dáse lectura ao documento xerado (anexase)

O obxectivo sería chegar a unha folia de programa con non mais de 7 -15 follas. Con propostas estudadas atendendo á factibilidade.

Un decálogo de 10 propostas por cada área programática.

Luisa Lores lembra a necesidade de estar na realidade social da cidade. Para iso propón que teñamos dispoñibles datos reais da cidade (paro, orzamentos,...)

Luis Rei comenta que o marco de traballo inicial poderían ser os documentos xerados polos primeiros grupos de traballo.

Cesar Carballo recorda a necesidade de dar resposta ás discursivas externas. Solucións.

Jose Antonio Ramírez dispón de ficheiro de gasto e orzamentos.

Se VOTA EL FORMATO DE TRABAJO CON 14 VOTOS A FAVOR unanimidade.

#### 5. VARIOS

Angel Mario Lago comenta a necesidade de aclarar a súa presenza na tertulia de Radio Pontevedra. Relaciona os diversos cargos e responsabilidades desempeñadas. Comenta que é habitual que lle conviden a esta tertulia e que seguindo o funcionamento non se informa dos temas a tratar. Comenta que no seu caso chamárono o día anterior para comentar a creación dos movementos cidadás. Comenta que se sorprendeu á chegada aos estudos cos convidados. Iniciado o programa presentárono como integrante da Marea Pontevedra. Mostra o seu pesar por se alguén se sentiu ofendido pero que dende o primeiro momento da intervención aclarou que sómente aportou á tertulia as súas impresións persoais e nunca como representante da marea.

Se da por finalizada a asemblea a las 22:10 h.